

**CURSO: 4º B**

**ACTIVIDADES PARA A SEMANA DO 1 AO 5 de XUÑO DO 2020**

**1-ATENCIÓN!! Mando audio cun novo capítulo do noso libro.**

**2-ATENCIÓN!! IMPORTANTE !!**

**ESTA SEMANA TEDES QUE ENVIARME, ANTES DO VENRES DÍA 5, A FOTO DO TRABALLO DE PLÁSTICA DA SEMANA PASADA : “POLÍGONOS DE CORES COMPOÑENDO EDIFICIOS SOBRE FONDO NEGRO”**

## **I – MATEMÁTICAS**

Empezamos o Tema 13. OS POLÍGONOS

-Ler a páx. 184 e 185

-Ler a páx. 186

-Exercicios páx. 186: 1,2

POLÍGONOS

<https://www.youtube.com/watch?v=X1EUfHfC58g>

PERÍMETRO DE UN POLÍGONO

[https://www.youtube.com/watch?v=fWZkSfo\\_Tns](https://www.youtube.com/watch?v=fWZkSfo_Tns)

ÁREA DEL CUADRADO Y DEL RECTÁNGULO

<https://www.youtube.com/watch?v=0J30ACfKxl>

-Páx. 187, ler o recadro azul

-Páx. 188, estudar o recadro azul

-Páx. 190, estudar recadro azul

-Páx. 191, estudar recadro azul

COPIAR NA LIBRETA ESTE ESQUEMA



-Páx. 193. Área de cuadrados e rectángulos. Ler cadrado azul

-Páx. 196, ex. 1,5 e 6

## II – L. CASTELÁ

Empezamos o T. 11. La isla de Coral

-Lectura páx. 168-169

-Comprensión lectora, páx. 170-171, oralmente

-Páx. 173, estudar recadro azul e copiar dictado fíxándose moi ben.

-Páx. 174. O verbo. Ler recadro azul

-Páx. 175, estudar recadro azul

-Páx. 176-177 Ler os recadros azules.

-Páx. 178 Ler

-Páx. 182, ex. O RESUMO e 2

## III – L. GALEGA

Empezamos o T. 11. A TODO TREN

-Lectura páx. 174 e 175

-Comprensión lectora oral, páx. 176 – 177

-Ejercicios das páxinas 178 e 179, oralmente.

-Páx. 180 e 181, estudar. O verbo

-Páx. 182, ler o cadrado azul para recordar a norma

-Ler páxina 184 e 186

-Páx. 188, ex. 3 e 4

## IV – C. NATURAIS

A luz

-Ler as páxinas 124, 125, 126 e 127

<https://www.youtube.com/watch?v=vvi-PCDoTR0>

<https://www.youtube.com/watch?v=bhoNRJsw34A>

[https://www.youtube.com/watch?v=5E3kl\\_7\\_ct0](https://www.youtube.com/watch?v=5E3kl_7_ct0)

<https://www.youtube.com/watch?v=jDDVBlMk9c>

## V – C. SOCIAIS

Repasar o resumo do tema que enviei a semana pasada e que volvo poñer aquí.

### TEMA 8. A IDADE ANTIGA. OS POBOS PRERROMANOS. RESUMO

No primeiro milenio antes de Cristo, a península ibérica estaba habitada por dous pobos distintos: **os iberos e os celtas**

**1-Os iberos** Ver o mapa do libro.

Os pobos iberos ocuparon as terras do sur e do leste da península ibérica. Vivían en grandes poboados amurallados construídos en zonas elevadas para facilitar a súa defensa. As súas casas eran rectangulares e aliñábanse formando rúas. Os iberos organizábanse en **tribos**. Moitas delas estaban gobernadas por un **rei**.

A maioría da poboación dedicábase á **agricultura** e á **gandaría**. Ademais, os iberos eran **expertos artesáns**. Fabricaban espadas de ferro, cerámica e tecidos.

Os pobos iberos coñecían a **escritura** e tiñan a súa propia **moeda**.

**2-Os celtas**

Os pobos celtas instaláronse no norte e no centro da península ibérica.

Os **celtas** organizábanse en **tribos**. A maioría deles dedicábase á **gandaría**. Ademais, os celtas eran **especialistas na fabricación de obxectos de ferro e bronce**, como ferramentas, adornos ou armas, que utilizaban os seus guerreiros. Os celtas **descoñecían a escritura** e **non** tiñan **moeda** propia.

**3-OS POBOS COLONIZADORES.**

## A-OS GREGOS

Hai uns 3.000 anos, naceu a civilización grega na península dos Balcáns, ao leste do mar Mediterráneo.

Os antigos gregos vivían en **polis**, que eran pequenas cidades independentes. Cada polis tiña gobernantes, leis e exército propio. As principais polis foron **Atenas** e **Esparta**, na península dos Balcáns. Algunhas polis estaban gobernadas por persoas elixidas polos cidadáns libres. **Foi a orixe da democracia.**

Cando chegaban a un lugar, fundaban **unha colonia.**

Na península ibérica fundaron colonias como Rhode (Rodas), Emporion (Ampurias), Sagunto e Hemeroskopeion (Denia).

### A vida nunha colonia grega.

As colonias, igual ca as polis, estaban fortificadas.

E organizábase arredor da **acrópole** e da **ágora.**

**A acrópole** era a zona en que se situaban os edificios máis importantes, como os templos.

**A ágora** era a praza onde se organizaba o mercado e onde se reunían os cidadáns para pasear ou debater.

Nas colonias da Península, os gregos introduciron novidades, como o **torno** para traballar a **cerámica**, e **as moedas**, coas que se faciloitaba o comercio.

## B-Os fenicios

Os fenicios eran un pobo procedente da costa mediterránea de Asia.

Instaláronse na costa andaluza, onde fundaron colonias como Gadir (**Cádiz**), 2 Malaka (**Málaga**) e Sexi (**Almuñécar**). Os fenicios organizábanse en cidades.

Lograron adiantos técnicos que melloraron a **navegación**, como o **esporón de proa**. Os fenicios deixáronnos **o alfabeto**, que aínda utilizamos.

## C-Os cartaxineses

Os cartaxineses chegaron á península ibérica hai uns 2.300 anos. Procedían do norte de África e instaláronse nas antigas colonias fenicias. Ademais, fundaron outras, como Ebyssos (**Eivisa**) e Cartago Nova (**Cartaxena**).

Destacaron na elaboración de **obxectos artesanais**, como colares, amuletos e vasillas. Os cartaxineses eran un pobo **guerreiro.**

-Ler outra vez o tema mirando polo libro os mapas, os debuxos etc. e estudar polo resumo.

-Exercicios -Páx 119, 1 e 2

## VI- PLÁSTICA

Acabar os traballos doutras semanas que estean empezados e non se puideran terminar no seu momento.

## SOLUCIÓNS

### I-MATEMÁTICAS

-Páx. 186

Nº 1- Triángulo:  $4\text{ cm} + 5\text{ cm} + 3\text{ cm} = 12\text{ cm}$

Cuadrado:  $4 \times 6\text{ cm} = 24\text{ cm}$

Pentágono:  $4\text{ cm} + 2\text{ cm} + 3\text{ cm} + 8\text{ cm} + 5\text{ cm} = 22\text{ cm}$

Hexágono:  $4\text{ cm} + 4\text{ cm} + 3\text{ cm} + 3\text{ cm} + 8\text{ cm} + 7\text{ cm} = 29\text{ cm}$

Nº 2-Triángulo:  $3\text{ cm} \times 3 = 9\text{ cm}$  Cuadrado:  $2\text{ cm} \times 4 = 8\text{ cm}$

Rectángulo:  $4\text{ cm} \times 2 + 2\text{ cm} \times 2 = 12\text{ cm}$

Pentágono:  $5 \times 1,8\text{ cm} = 9\text{ cm}$

-Páx. 196

Nº 1 Rectángulo:  $3,5\text{ cm} \times 2 + 1,5\text{ cm} \times 2 = 10\text{ cm}$

Ou

$3,5 \times 2 = 7\text{ cm}$

$1,5 \times 2 = 3\text{ cm}$

$7+3 = 10\text{ cm}$

Pentágono:  $2\text{ cm} + 2,2\text{ cm} \times 2 + 1,3\text{ cm} \times 2 = 9\text{ cm}$

Hexágono:  $1,4\text{ cm} \times 2 + 2\text{ cm} \times 4 = 10,8\text{ cm}$

Nº 5 a. Equilátero y acutángulo.

b. Isósceles y rectángulo.

c. Escaleno y rectángulo.

d. Escaleno y obtusángulo.

e. Escaleno y rectángulo

Nº 6 Paralelogramos: a, c, d y e. Trapecios: b y g. Trapezoides: f

## II- L. CASTELÁ

-Páx. 182

Nº 2 –

Ortografía

• Se escriben con b las formas verbales terminadas en -aba, -abas, -ábamos, -abais y -aban. • A ver está relacionado con la vista. • Haber se emplea para conjugar otros verbos y también significa suceder o existir.

Gramática

• Los verbos expresan la acción en tres tiempos: – Presente: la acción sucede en el momento en que se habla. – Pasado: la acción ya ha sucedido. – Futuro: la acción ocurrirá más tarde. • La conjugación de un verbo es el conjunto ordenado de todas sus formas. Está constituida por formas simples y formas compuestas.

Vocabulario • Las frases hechas son expresiones que tienen una forma fija y un sentido figurado. • Los refranes son textos breves que transmiten un saber popular. Expresión oral y escrita • La estructura de la noticia consta de titular, entradilla y cuerpo de la noticia o desarrollo de la información.

Literatura • El cómic es una narración contada con palabras y dibujos

Nº 2 -Deben de haber llegado esta mañana. – Tienen que haber cerrado ya. – Voy a ver qué cerezas has comprado.

## III- L. GALEGA

-Páx. 182

Nº 3 – Nadaches – pretérito, vivirei – futuro, dan – presente, queríamos – copretérito, come – presente ou imperativo, partides – presente

• Nadaches – nadar, vivirei – vivir, dan – dar, queríamos – querer, come – comer, partides – partir.

Nº 4 Ningunha lei prohíbe levar animais no tren. –

Eva vive nunha casa preto da estación. –

O meu irmán xa se inscribiu na Universidade

Por fin vas vir connosco a Santiago? –

## V- C. SOCIAIS

Nº 1 Resumo. Sur / do leste / poboados amurallados / rectangulares / agricultura / gandaría / escritura / moeda. Celtas / castros / gandaría. Polis / a acrópole / a ágora. Rhode (Rosas), Emporion (Ampurias), Sagunto e Hemeroskopeion (Denia) / torno / moedas. Gadir (Cádiz) / Malaka (Málaga) / Sexi (Almuñécar) / alfabeto. Ebyssos (Eivisa) e Cartago Nova (Cartaxena) n recibiu o premio á puntualidade.

Nº 2 Táboa. Gregos. Proviñan da península dos Balcáns. Fundaron Rhode (Rosas), Emporion (Ampurias), Sagunto e Hemeroskopeion (Denia). Legáronnos o torno e as moedas. Fenicios. Proviñan da costa mediterránea de Asia. Fundaron Gadir (Cádiz), Malaka (Málaga) e Sexi (Almuñécar). Introduciron melloras na navegación e o alfabeto. Cartaxineses. Proviñan do norte de África. Fundaron Ebyssos (Eivisa) e Cartago Nova (Cartaxena). Legáronnos obxectos artesanais.